

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE XULLO DE 2008.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo.

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 10 horas do día 29 de xullo de 2008, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior do 14 de xullo de 2008.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE MERCERÍA A D^a MARÍA ANTONIA EIJO COCIÑA.

Visto o expediente tramitado a instancia de D^a María Antonia Eijo cociña, veciña de Xove, con domicilio en Poceiras, 2 (27878 Sumoas) de Xove, que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a Mercería, en Avda. Diputación, 63 baixo (Xove). Expediente número: 10/2008.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal; a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.2) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE PELUQUERÍA A D^a BEATRIZ GARCIA VÉREZ.

Visto o expediente tramitado a instancia de D^a Beatriz García Vérez veciña de Xove, con domicilio en Urbanización Palmeiro, 46 1º B (27879 Rigueira) de Xove, que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a peluquería, sita en Avda. Diputación, 29 baixo (Xove).

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.3) SOLICITUDE DE D. MANUEL PETEIRA GONZALEZ, RELATIVO A REPARACION DE MURO EN C/GENEROSA VILLALBA-DR. BAAMONDE ILLADE.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Peteira González, con D.N.I nº: 33.856.107-S con domicilio en c/ Generosa Villalba, 2 (27870 Xove), para realización de obras de reparación de muro en C/Generosa Villalba Balsa-Dr. Baamonde Illade. Expediente: 2489/08

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que á vista da documentación que se achega, as obras que se pretenden sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urbano. Artigo 91 Ordenación 1º. Núcleo Tradicional.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- De acordo coa documentación que se achega, e a falta de descrición deste, dito muro non poderá superar os 1,50 metros de altura e deberase construír en cachotería concertada vista.
- As obras que se solicitan, respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes, de acordo co plano de localización achegada, coincidente coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove.
- Alineacións: as de plan.
- Informase favorablemente a licenza que se solicita, sen perxuízo de terceiros no que aos lindes contiguos se refire.
- Previo ó inicio das obras, por parte dos servizos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 300€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 6€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. FRANCISCO PEREZ PEREZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Francisco Pérez Pérez con D.N.I. nº 77.591698-W, con domicilio en Soutorrendondo, 3 (27879 Rigueira) por aborto de unha vaca, por importe de 60€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D^aMARÍA DOLORES MÍGUEZ GALDO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Dolores Míguez Galdo con D.N.I. nº 76.564.008-K , con domicilio en Acceso Apeadero, 18 3º A (27870 Xove) por morte de un xato, por importe de 300€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^aMARIA JOSE LOPEZ VÁZQUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María José López Vázquez con D.N.I. nº 33.994.725-N , con domicilio en Penasagudas, 18 (27879 Monte) por morte de unha xata, por importe de 120€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^aMARÍA SOL FERNANDEZ LAMELAS .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Sol Fernández Lamelas con D.N.I. nº 76.545.687-P, con domicilio en Ceranzos, 26 (27877 Xuances) por morte de un xato, por importe de 120€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de unha xata, por importe de 120€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^aMARIA JOSEFA COUSO GARCIA. .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Josefa Couso García, con D.N.I. nº 10.792.753-A , con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de unha xata, por importe de 120€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO. .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.674-R, con domicilio en Penasagudas, 12 (27879 Monte) por morte de unha xata, por importe de 120€.

D.8) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. ANGEL MEITIN LOUZAO, DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 , formulada por D. Angel Meitin Louzao, con D.N.I. nº 33.816.773 con domicilio en Portocelo, 7 (27877 Portocelo) por baixa con data de 10-2-2008 do vehículo Renault Clio, con matricula LU-2477-T, según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ó 3 últimos trimestres do ano 2008, estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado.

2º) O libramento da cantidade de 25,56€ ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.9) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE MONTES “LAXAMOURA” DE AXUDA ECONÓMICA PARA A FEIRA DE GANDO DE SAN BARTOLO 2008.

Visto o escrito de D. Antonio Paleo Riveira en calidade de Vocal da Comunidade de Montes “Laxamoura”, da parroquia de Monte, e con domicilio a efectos de notificacións en Acceso Cuartel, 7 (27870 Xove), no que solicita unha subvención para o financiamento da Feira de Gando de San Bartolo que se celebrará o día 24 de agosto de 2008.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal emitido, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.007, aprobadas polo Pleno en sesión de 11 de xaneiro de 2.007.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 3.000,00€ para o financiamento da Feira de Gando de San Bartolo que se celebrará na parroquia de Monte o día 24 de agosto de 2008.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 2.100,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 3.000,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción.

4º.- Consonte ó establecido na Base 42 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

-Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

-Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

-Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
 - Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-las seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.
- 5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.10) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. FERNANDO MENDAÑA RODRIGUEZ DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 , formulada por D. Fernando Mendaña Rodríguez, con D.N.I. nº 76.564.478-Y con domicilio en Avda. Diputación, 55 (27870 Xove) por baixa con data de 30-4-2008 do vehículo Opel Astra con matrícula LU-0084-U, según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ós 2 últimos trimestres do ano 2008, estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado.
- 2º) O libramento da cantidade de 35,97€ ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.11) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. MANUEL REY OCA DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008, formulada por D. Manuel Rey Oca, con D.N.I. nº 76.596.989 con domicilio en Urb. Palmeiro, 67 3º A (27879 Rigueira) por baixa con data de 15-5-2008 do vehículo de marca BMW 320 con matricula 4203-BMG , según acredita con documentación da Comunidade Autónoma Galega.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ós 2 últimos trimestres do ano 2008, estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado.
- 2º) O libramento da cantidade de 35,97€ ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.12) PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR Dª PAULA SANTANDREU ROGET DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 , formulada por Dª Paula Santandreu Roget, con D.N.I. nº 38.129.965 con domicilio en Agramonte-C, 9 (27870 Xove) por baixa con data de 26-2-2008 do vehículo

Rover 214 GSI con matrícula LU-7556-L , según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008 correspondente ós 3 últimos trimestres do ano 2008 estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado.

2º) O libramento da cantidade de 25,56 € ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.13) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a JOSEFA FRAGA MEITIN.

Vista solicitude formulada por D^a Josefa Fraga Meitin con D.N.I. nº 33.705.585-M con domicilio en Avda. Diputación, 34 2º C (27870 Xove), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Josefa Fraga Meitin como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 3,57€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.14) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a MARIA REGO PASTOR.

Vista solicitude formulada por D^a María Rego Pastor con D.N.I. nº 33.704.648-B con domicilio en O Bargo, 2 (27877 Xuances), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a María Rego Pastor como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 0,47€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.15) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D. JACOBO NUÑEZ RODRIGUEZ.

Vista solicitude formulada por D. Jacobo Nuñez Rodríguez con D.N.I. nº 77.596.428-V con domicilio en Urbanización Palmeiro, 35 2º A (27879 Rigueira), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D. Jacobo Nuñez Rodríguez como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 0,47€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 2 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.16) CONCURSO CON PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DO ARRENDAMENTO DO CAFÉ BAR DO CENTRO SOCIAL DE VILACHÁ. ADXUDICACIÓN.

Polo Secretario Municipal, dáse conta á Xunta de Goberno Local do expediente do epígrafe.

Dáse conta igualmente da acta de apertura de plicas obrante no expediente, que a seguir se transcribe integramente:

“ ACTA DE APERTURA DE PLICAS

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 9´30 horas do día 29 de xuño de 2008; consonte ó disposto na Cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeran no Concurso con Procedemento Aberto convocado para o “CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ - BAR DO CENTRO SOCIAL DE VILACHÁ “ procedeuse á apertura de plicas por parte do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Xove D. José Demetrio Salgueiro Rapa asistido pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais Dª. Ana María Abad López, e o Secretario Municipal D. Luís María Fernández del Olmo como fedatario.

Aberto o acto pola Presidencia, polo Secretario dáse lectura a súa certificación de data 28/07/2008 obrante no expediente na que se acredita que no prazo sinalado no Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº:161 de data 14/7/2008, presentouse a seguinte solicitude de participación:

- Dª. Dolores Varela Porto (RE nº: 2476 do 24/07/2008)

A seguir polo Sr. Alcalde ordease a apertura da plicas presentada e procedese ó exame da documentación contida na mesma e á valoración das ofertas presentadas consonte ós criterios fixados na Cláusula 19 “ do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeran no Concurso con Procedemento Aberto convocado para o “ CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ - BAR DO CENTRO SOCIAL DE VILACHÁ“ aprobado por Decreto de Alcaldía de data 1/07/2008.

Realizado o exame e valoración citados polo Sr. Alcalde Presidente ACORDASE :

1º.- Outorgalas seguintes puntuacións polos criterios de valoración previstos no Prego:

Licitador	REC.HUMS. E MAT.	PUNTOS
-----------	-------------------------	--------

1ª.- Dª. Dolores Varela Porto		1
-------------------------------	--	---

Licitador	LISTA PREZOS	PUNTOS
-----------	---------------------	--------

1ª.- Dª. Dolores Varela Porto	1	
-------------------------------	---	--

Licitador	MEMORIA ACTIVIDADES	PUNTOS
-----------	----------------------------	--------

1ª.- Dª. Dolores Varela Porto	3	
-------------------------------	---	--

3º.- Computadas as puntuacións obtidas polos concursantes, por aplicación dos criterios de valoración previstos no Prego, resultan as puntuacións totais e finais seguintes:

Licitador	PUNTOS
-----------	--------

1ª.- Dª. Dolores Varela Porto	5
-------------------------------	---

E na súa consecuencia acordase propoñer á Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato a D^a. Dolores Varela Porto, coa renuncia de 400€ ó ano da subvención concedida polo Concello de Xove, de acordo coas condicións reflectidas na oferta presentada.

Non habendo máis asuntos que tratar pola Presidencia dáse por rematado o acto sendo as 9'50 horas da data citada no encabezamento, extendéndose por min, Secretario, a presente Acta por triplicado exemplar e a un só efecto, que da fe de todo o tratado co visto e prace da Presidencia.”

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda adxudicar definitivamente o contrato de arrendamento do Café-Bar do Centro Social de Vilachá a D^a. Dolores Varela Porto coa renuncia de 400€ ó ano da subvención concedida polo Concello de Xove, e de acordo coas condicións reflectidas tanto na oferta presentada pola adxudicataria, como no prego de cláusulas económico administrativas aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 1 de xullo de 2008.

Igualmente acordase notifica-lo presente acordo á interesada, comunicándolle á adxudicataria, Sra. Varela Porto, que de acordo co disposto no art. 18, antes da formalización do correspondente contrato, deberá constituír fianza definitiva por importe de 300'00 €.

D.17) ESCRITO DE D. MANUEL GABRIEL BAÑO FERNÁNDEZ, SOLICITANDO EXENCIÓN POR MINUSVALÍA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE VEHICULOS.

Visto escrito de D. Manuel Gabriel Baño Fernández, con DNI: 76.563.462-G con domicilio en Avda. Diputación, 36 1º (27870 Xove) no que presenta certificado de minusvalía con grado 38%, sendo titular dun vehículo BMW 325 TDS con matrícula 0268-BRH visto que a Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais outorga a exención de pagar o Imposto Municipal de Vehículos ás persoas que teñan un grado igual ou superior ó 33%; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

- 1º) Autoriza-la exención do vehículo de marca BMW 325 TDS con matrícula 0268-BRH de D. Manuel Gabriel Baño Fernández.
- 2º) A remisión do presente acordo ó Servicio Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo), os efectos de que o devandito vehículo quede exento de pagar o imposto Municipal de Vehículos no presente ano 2008 e sucesivos.
- 3º) A remisión ó interesado, os efectos procedentes.

D.18) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a MANUELA FRAGA MEITIN.

Vista solicitude formulada por D^a Manuela Fraga Meitin con domicilio en San Cristobó, 10 (27870 Portocelo) na que solicita a ampliación de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 6 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 6 horas semanais con un custo de 1,42 €/hora.
- 2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos
- 3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.19) SOLICITUDE DE D. TOMAS SOTO LOPEZ DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PROVISIONAL PARA OBRA A D. TOMAS SOTO LOPEZ EN CAMPOSUSAO – CRUCEIRO.

Vista solicitude presentada por D. Tomás Soto López , con D.N.I. nº: 33.304.140-W con domicilio en Cruceiro, 29 (27877 Xuances-Xove), para entroncamento de auga provisional para obras para vivenda unifamiliar sita en Camposusao Xuances, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 70 metros de tubería de 32 en 10Atm. U.A e a colocación dun contador. Será necesaria autorización da Diputación Provincial para cruzar-la carretera provincial e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 669,54€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de fundición	23,63€
2 Llave de paso	17,84€
1 Mamelón de latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
70 Metros canalización	210,00€
1 Reducción 1”- ¾	2,23€
2 Terminales de 32-1”	4,52€
70 Metros de tubo de 32 en 10 Atm	157,50€
Subtotal:	577,19€
IVA 16%:	92,35€
TOTAL	669,54€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento provisional para obras solicitado por D. Tomas Soto López para vivenda unifamiliar sita en Camposusao – Xuances.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.